



---

De GABRIEL, Narciso (2023): *Os mestres mortos daquel verán*. Vigo: Editorial Galaxia; 244 pp -ISBN 978-84-9151-969-0.

---

Despois do traballo adicado ao mestre Xosé María Álvarez Blázquez ao que sucede, en segunda instancia, *Vermellos e laicos*, un estudo sobre a depuración e represión do maxisterio republicano, o profesor Narciso de Gabriel, achéganos agora un traballo co que se pecha a triloxía que ten como fio condutor a traxedia protagonizada polo maxisterio, despois do golpe de estado de 1936, na antesala da guerra civil e o tempo que seguiu.

O título do traballo está inspirado no da recordada novela de Carlos Casares e seguindo o

fío daquela pretende dar conta da vida e a morte violenta dalgunhas mestras e mestres entre os meses do verán de 1936 e os primeiros anos da década dos anos cuarenta do século pasado. Doce vidas tronzadas. Doce mestres e mestras vítimas, como tantos outros, da sen razón e a inxustiza. Doce historias, ao cabo, que poñen de manifesto que os golpistas tiñan no seu punto de mira ao conxunto do maxisterio nacional como representantes dun tempo de luz, esperanza e cambio.

Se de algunha maneira se pode explicar aquela teima de perseguir ao maxisterio no seu conxunto, hai que buscala no feito de que o ensino, mais que ningunha outra cousa, conformouse como a pedra angular na que se sostíña o proxecto político da Segunda República, proxecto que, no caso da educación, estaba empadado de propostas procedentes dos rexeneracionistas e mesmo da Institución Libre de Enseñanza. Pero sobre todo, porque aquel proxecto se constrúe sobre a idea ilustrada de que a educación pode cambiar a sociedade e o lugar onde ia ter lugar ese cambio era a escola, e alí, os encargados de acender a luz da cultura e a educación eran os mestres e mestras. Así se pode explicar a animosidade coa que foi tratado o maxisterio dende o primeiro momento polos inimigos da República.

O traballo que nos presenta Narciso de Gabriel artéllase arredor dunha escolma equilibrada e representativa de nove mestres e dúas mestras galegos, e un mestre aragonés que daquela exercía a seu maxisterio en Camelle (Camariñas). Trátase

de Paco Ponzán discípulo de Ramón Acín e compañeiro da mestra Palmira Plá, tan querida e recordada por Víctor Juan Borroy. A diferenza dos outros once protagonistas do texto Paco Ponzán non morre axusticiado ou paseado polos golpistas. Nos primeiros días do verán escapa de Camelle e aparece en Aragón onde participa de maneira activa na defensa de República integrándose no Consello Rexional de Defensa de Aragón. No ano 1939 cruza os Pirineos e finalmente morre asasinado en 1944 polos nazis nun bosque próximo a Toulouse, case ao final da segunda guerra mundial.

No limiar do libro ofrécese unha relación detallada dos mestres e mestras executados ou paseados nos primeiros momentos da represión golpista na provincia da Coruña. Entre todos eles o profesor de Gabriel escolle nove. Os protagonistas do traballo que nos presenta aparecen ordeados cronoloxicamente atendendo a data da súa execución. De todos eles Arximiro Rico e Víctor Fraiz Villanueva, -os dous non coruñeses da escolma-, xa foran obxecto de tratamento mais polo miúdo en traballos precedentes. No relato dos feitos, en cada caso, aparecen mais vítimas que os doce protagonistas escollidos, por mor da proximidade ou mesmo veciñanza dos feitos e os procesos.

En España cóntanse arredor das mil vítimas relacionadas co proceso de depuración do maxisterio emprendido polas novas autoridades desde o primeiro momento da sublevación. Aínda hoxe, de moitos deles non temos noticia de onde

foron enterrados ou abandonados, baste recordar como exemplo pola súa actualidade, entre outros, a Antoni Benaiges, *El maestro que prometió el mar*. Pero tamén os enterrados nas cunetas aínda por abrir onde de seguro haberá mais mestres e mestras, se cadra xa definitivamente esquecidos para sempre. En Galicia, dependendo da natureza das listaxes, o número sitúase arredor das cen vítimas o que representa o 10% do total. Proba de que nas provincias que quedaron do lado dos sublevados a represión e persecución do maxisterio foi moito mais violenta e chea de carraxe.

Se cadra, todo o que hoxe se pode dicir sobre o proceso de depuración, os paseos, as execucións ou a violencia institucional exercida sobre o colectivo, xa o denunciara con imaxes o noso Alfonso Daniel R. Castelao. *Galicia mártir, Atila en Galicia* ou *Milicianos* perfilan nas súas páxinas a crónica da violencia e o empeño de calar a aqueles que tiñan o encargo de espallar a luz do coñecemento e a liberdade. Como non podía ser de outra maneira son as ilustracións de Castelao as que acompañan as historias dos mestres e mestras obxecto da escolma que elabora o profesor de Gabriel e que entendemos como pertinente e moi atinada.

Na súa última novela publicada titulada *Vagalume* Julio Llamazares fala dun personaxe, pai do protagonista, que resulta ser un mestre depurado e expulsado a perpetuidade. O autor, fillo de mestre e coñecedor da realidade do maxisterio, perfila unha crónica axustada dunha realidade mais estendida do que se podería pensar: a dos mestres

e mestras mortos socialmente por mor da inxustiza das autoridades da “nova España” xurdida despois da guerra. Como outros moitos, reais e con identidade, o mestre depurado traballa de negro, escribindo guións de revistas gráficas que tanto éxito tiñan na España dos anos cincuenta, sesenta e aínda os setenta do século pasado.

A luz acesa, tan necesaria, vagalume que guía e alumea, é unha boa metáfora para explicar a permanencia no tempo e a pervivencia na memoria de aqueles e aquelas que pagaron coa vida a represión; pero tamén debe servir para sinalar ós outros, ós que depurados e expulsados tiveron moitas dificultades para se integrar e para seguir coa súa vida, sendo vítimas case que eternas do silencio e o esquecemento, mesmo no seo das súas propias familias.

A verdadeira democracia pasaba, no tempo da Segunda República, por acabar co analfabetismo, pero había moitos inimigos que non entendían de igual maneira o papel da escola, así que os mestres foron sinalados naquela coxuntura como elementos a eliminar. A depuración do maxisterio afectou ao colectivo ao completo, cousa que non aconteceu en ningún outro corpo de funcionarios.

Felicítamos ao profesor Narciso de Gabriel polo traballo e sobre todo por poñer branco sobre negro unha realidade mil veces explicada, pero escasamente explicitada con nomes, apelidos e circunstancias. Noraboa

*José Luis Iglesias*

*UDC*